

# 1936

O golpe de 1936 orixinou un brutal proceso de represión física e psíquica contra as mulleres

## O golpe de estado e a guerra civil



"¡Cobardes! ¡asesinos!"  
Estampa da serie Galicia Martir. Alfonso R. Castelao, 1937

O Golpe de Estado en Xullo de 1936 colocaría no punto de mira a aqueles homes e mulleres que participaron activamente en defensa da liberdade, da autonomía galega e da legalidade republicana ou que mantiveron algún vínculo con activistas da resistencia democrática. O territorio galego caeu en poder dos rebeldes nos primeiros días do golpe.

No que atinxe ás mulleres, os facciosos iniciaron un brutal proceso de represión física e psíquica que se concretou en asasinatos, torturas, violacións, rapados de cabelo, humillacións públicas, etc. A resistencia continuou nos montes e na clandestinidade, onde elas desenvolveron un papel equivalente ao dos seus compañeiros, con tarefas de apoio e loxística aos combatentes fuxidos, na organización de rutas de evasión ou participando activamente nas accións armadas e militancia política.

A Guerra Civil abriría tamén outras fronteiras de acción na clandestinidade e no exilio, a onde se trasladaron os foros de debate e moitas mulleres destacadas do mundo da política e cultura republicanas.